

RADIOSIEIRO - ESPECIAL LETRAS GALEGAS

REPORTAXE XABARÍN CLUB

Xurxo: Hola amigos. Hoxe imos a falar do programa máis popular e importate da TVG, o Xabarin club!!

Nora: O Xabarín Club é un programa infantil e xuvenil da TVG que comezou a emitirse o 18 de abril de 1994.

Ainara: O protagonista do programa é o personaxe animado do "Xabarín", un xabartil antropomorfo deseñado por Miguelanxo Prado.

Nora: Pronto converteuse no programa máis famoso da TVG, enganando a miles de rapaces e rapazas que, gracias ao Xabará, aprenderon a falar galego.

Xurxo: Neste programa, que duraba case dúas horas, había varias seccións e incluía series de dibuxos animados, videoclips de grupos musicais e espazos de produción propia, como concursos, animacións, etc.

Ainara: Entre os debuxos temos que destacar tres series: "Arale e o Dr Slump"; "Doraemon" e, sobretudo, "As bolas do Dragón"; que mantiñan pegados ao televisor a milleiros de rapazas e rapaces durante a hora da merenda.

Xurxo: Ademáis, o Xabarín club servía como plataforma de lanzamento dunha chea de grupos galegos que atoparon neste programa unha forma xenial de promocionarse e chegar a máis galegos e galegas.

Nora: Entre estes grupos podemos destacar Siniestro Total, Heredeiros da Crus, Aereolineas Federales, Os Diplomáticos de Monte Alto, Killer Barbies, Blood Filloas,...

Ainara: Todas estas cancións as podedes atopar nos diferentes recopilatorios que se publicaron baixo o nome de "A Cantar co Xabarín"

Nora: E ata aquí chega a introdución sobre o mellor programa da tele de Galicia.

Xurxo: Agardamos que vos gustara e que aprendérades moito con nós.

Ainara: Agora vos deixamos con outras reportaxes sobre seccións deste gran programa, O Xabarín Club.

RADIOSIEIRO - ESPECIAL LETRAS GALEGAS

-Ola amigos e amigas, somos Iago e Diego e imos a falarvos da mellor serie de debuxos da historia da TVG e do Xabarín Club: As Bolas do Dragón

-Así como do seu creador, o xenial e innovador escritor xaponés Akira Toriyama; quen, por desgracia, deixounos este ano.

-Toriyama naceu o 5 de abril de 1955 na cidade de Kiyosu, en la prefectura de Aichi, e comezou a debuxar manga aos 23 anos.

-Akira Toriyama enganchou a varias xeracións de nenos dende que comezou a debuxar, a mediados dos 80, as peripecias de Arale e o Dr Slum, e, sobretudo, de Son Goku, o protagonista da serie Bola do Dragón.

-Un neno de pelo disparado que tiña rabo de mono, viaxaba na súa nube por un país encantado; e aprendía a velocidade de vértigo artes marciais.

- Esta personaxe comezou sendo un neno co obxectivo de reunir as boas do dragón para invocar a Shenlong, una criatura capaz de cumprir os desexos de quen o chama.

-O manga orixinal publicouse entre 1984 e 1995 na revista Weekly Shonen Jump; pero pronto alcanzou grande fama mundial; o que conduciu á realización de moitas secuelas que tamán alcanzaron un grande éxito, como Dragon Ball Z ou Dragon Bal GT.

-Toriyama, conseguiu un estilo propio que serviu como inspiración a unha grande cantidade de creadores de manga, tanto xaponeses como doutras partes do mundo.

-Este 2024 é o ano en que despedimos a Akira Toriyama, un gran creador de soños.

-Agardamos que vos gustara esta pequena homenaxe; pero non marchedes, porque seguiremos falando de debuxos animados na ... Radiosieiro.

RADIOSIEIRO - ESPECIAL LETRAS GALEGAS

- Ola amig@s, somos Iker, Anxo e Pablo; imos a falar doutras dúas series moi populares no Xabarín Club.
- Trátase de Arale e Doraemon, dúas series de animación das máis populares entre os programas da TVG.
- Se hai unha serie infantil surrealista e á vez encantadora, esa é a do Dr. Slump.
- Este é un anime baseado nun dos primeiros éxitos de akira toriyama antes de facerse famoso con Dragon Ball.
- A serie ten lugar na vila do Pinguino e está chea de personaxes que bordean o absurdo.
- A protagonista indiscutible da serie é Arale Norimaki, un robot creado por Senbei Norimaki (dr. Slump), que actúa como seu pai ou irmán, todo depende de quen fale.
- Arale é inocente, carece de sentido común e ten forza sobrehumana, pero a pesar de ser un robot case perfecto, ten un defecto: precisa gafas e non ten un ombligo.
- Ninguén na cidade sabe que é un robot e non parecen decatarse a pesar da súa forza e da tremenda velocidade coa que discorre.
- O nome é un xogo de palabras con "arare", unha especie de pequena bolecha de arroz mixta.
- A outra gran serie que leva anos entretendo a nenas e nenos de medio mundo é Doraemon, o gato do peto máximo.
- Doraemon foi creado polo escritor e ilustrador xaponés Hiroshi Fujimoto e leva publicándose dende 1969
- A serie describe as aventuras dun robot azul con forma de gato e sen orellas chamado Doraemon, que viaxou no tempo desde o século 22, para coidar a un neno chamado Nobita no seu día a día e así mellorar o seu futuro.
- Pero Nobita non llo vai a por tan fácil, porque é capaz de discurrir todo tipo de parvadas empregando os inventos que Doraemon pode sacar do seu peto máximo.
- E así poder amolar aos dous matóns do seu barrio, Suneo e Xigante; mentres defende á súa amiga Shizuka; ou ela o defende a él, dependendo da parvada que se lle ocorrera.
- Tanto o manga como a serie de televisión conseguiron acadar unha gran fama mundial.
- E nós tivemos a sorte de disfrutala no... Xabarín Club. Ata outra!!

RADIOSIEIRO - ESPECIAL LETRAS GALEGAS

- E seguimos na Radiosieiro, neste especial sobre o Xabarín Club falando dunha das seccións máis importantes e que máis contribuíu á cultura galega.
- Estamos a falar da sección musical do Xabarín esa música que tanto nos gusta.
- Esta musica poñíana despois dos debuxos animados da galega; e todos os nenos e nenas as cantaban sen parar.
- Gracias a este programa de televisión estas cancións foron moi coñecidas o que supuxo unha gran axuda para estas bandas e para a música galega en xeral.
- Ademais emitíanse uns videoclips moi divertidos, que xa forman parte importante da historia da nosa televisión.
- Algunhas destas cancións chegaron a converterse en auténticos himnos para unhas cantas xeracións de rapaces e rapazas que aprenderon a falar e valorar o galego grazas a estas cousas que tiña o xabarín.
- Algunhas destas cancións foron, por exemplo a "Oda ao Fútbolín" dos Diplomáticos de Montealto; ou "Superheroe" dos Blood Filloas.
- Sen esquecer os éxitos de Siniestro Total como "Onde vas rapaz"; o dos Heredeiros da Cruz, dúas das bandas máis recoñecidas do rock galego.
- E ata aquí chega esta homenaxe que as rapazas e rapaces de 5º e 6º quixemos dar ao Xabarín Club, sen dúbida o mellor programa da nosa tele.
- Por desgracia, na actualidade cada vez ten menos presenza na tele de Galicia.
- Ademais a rapazada de hoxe en día cada vez vé menos a tele.
- E da presenza do galego en internet, mellor non falamos.
- Pois agora máis que nunca fai falla que apareza un programa similar, que potencie o galego entre a Xuventude.
- Porque, de seguir así, a nosa lingua quedará esquencida no tempo.
- Agardamos que eso non pase e que vos gustara esta pequena homenaxe.
- Un saúdo e ata outra!!!

RADIOSIEIRO - ESPECIAL LETRAS GALEGAS

ANUNCIOS 1º E 2º PRIMARIA

-Se che doe a cabeza
Di chao a dor con pastillas Manola
-Pastillas Manola
Para que protexas a túa cachola.

-Teño froita a cachón, para a señora e o señor!!!!
-Que froita boa tes por ahí, Amancia
-Teñoche melón de Boiro
-Ummm, o melón de Boiro, nunca sabe a coiro!!!

-Se queres lavar sen esforzo
Merca deterxente Baroña
-En frío ou en quente
Quítache toda a roña.

-Cando teñas antollo de doce
colle unha onza de Chocolín
-Un chocolate único
Que non sabe a calcetín.

-Se non vés nin papa
Proba os nosos anteollos
-Coas lentes Ollofino
Poderás ver ata os piollos

-Se o teu balón se pincha con facilidade
-Se as pelotas non te duran nin dous recreos
-Non te preocupes, temos a solución
-Balóns de cemento cucaracha
-Romperás de todo menos a pelota
-Balón cucaracha, o que nunca escacha.